



► CONSIDERAMOS QUE TEMOS ESTRÉS CALÓRICO A PARTIR DUNHA TEMPERATURA DUNS 27 °C E UN THI 70

Problemas podais por estrés calórico

Malia que habitualmente se asocia o estrés por calor no período estival na nosa granxa á redución de produción e ao aumento da infertilidade, o certo é que a saúde podal das nosas vacas tamén se ve afectada. A continuación, analizamos algunhas consecuencias da deficiente actuación neste aspecto e propoñemos algunhas pautas para a súa prevención.



José María García Nieto
Presidente da APPB

O estrés calórico é un gran problema, custoso, difícil de combater e cada vez agráva-se máis co quecemento global. Na península ibérica temos distintas climatoloxías, polo que, dependendo da nosa localización (norte, centro, sur...), nos afectará de distinta forma.

Cando nos referimos ao estrés térmico ou estrés por calor, o primeiro que nos vén á cabeza son as baixadas de produción e a diminución da fertilidade, pero tamén a saúde podal se ve moi comprometida nes-

tes meses de verán. Aínda que non adoita ser tan instantáneo coma as anteriormente citadas, o certo é que as consecuencias acostuman alonxarse no tempo, mesmo nos meses posteriores ao período estival, polo que evitar estas consecuencias dependerá en gran medida da nosa actuación.

Canto maior e mellor sexa a nosa intervención á hora de tentar disipar a calor nas nosas vacas, menos as notaremos; consideramos que temos estrés calórico a partir dunha temperatura duns 27 °C e un THI 70.



► DEBEMOS TENTAR APROVEITAR AO MÁXIMO OS RECURSOS NATURAIS E DE CONSTRUCCIÓN NA PROCURA DE MINIMIZAR CUSTOS NA MEDIDA DO POSIBLE E, Á SÚA VEZ, REDUCIR A DEPENDENCIA DE SISTEMAS AUTOMÁTICOS COMO VENTILADORES OU ASPERSORES

En Galicia os sistemas de arrefriamento empezan a funcionar con 24 °C ou 70 THI. Existen aspersores na zona de comedreiro que mollan a vaca cunha boa cantidade de auga, ao tempo que os ventiladores moven o aire para arrefriar e secar.



A velocidade do aire que moven os ventiladores é boa, aínda que non é continua, e, ás veces, baixa un pouco; está nos tres metros/segundo no cubículo, o recomendable para disipar a calor. Estas condicións son óptimas para que poidan ter unha boa inxestión e un bo descanso. Na imaxe vemos como varias vacas están tranquilamente deitadas descansando.



Vacas en condicións óptimas de ventilación

Con todo, cando non temos un bo sistema de arrefriamento, as vacas amontoáanse na procura do fresco, están de pé longos períodos de tempo, a inxestión redúcese e o descanso tamén; aí xa empezan os problemas. A media tarde, con só dous ventiladores e sen auga para mollar, amóranse practicamente todas na zona de ventiladores.



Cuando non temos un bo sistema de arrefriamento, as vacas amontoáanse na procura do fresco, están de pé longos períodos de tempo, polo que a inxestión e o descanso se reducen

Estes longos tempos de pé sen descanso provocan vasoconstrición sanguínea, que diminuírá a irrigación no pezuño e, como consecuencia, a formación de tecido córneo de mala calidade (laminite).

Este proceso será máis grave canto máis tempo estean de pé buscando o fresco; por iso, debemos facer todo o posible para tentar que teñan bo confort climático, o cal conseguiremos cos equipos automáticos como ventiladores e aspersores, pero tamén debemos tentar aproveitar ao máximo os recursos naturais e de construción na procura de minimizar custos na medida do posible e, á súa vez, reducir a dependencia deses sistemas automáticos. ■



Os longos tempos de pé sen descanso provocan vasoconstrición sanguínea, que diminuírá a irrigación no pezuño e, como consecuencia, a formación de tecido córneo de mala calidade (laminite)